


DIARIOS DE MOTOCICLETA



FICHA TÉCNICA:
 España, 2004 "MAR ADENTRO"
 Dirección: Alejandro Amenábar
 Música: Carlos Núñez, Alejandro Amenábar
 Intérpretes: Javier Bardem, Belén Rueda, Lola Dueñas, Mabel Rivera, Celso Bugallo, Clara Segura, Joan Dalmau.
 Duración: 125 min.

No 1952, Ernesto Guevara da Serna (Gael García Bernal) é un estudante de Medicina de 23 anos.

A punto de finalizar os seus estudos, deixa o seu fogar de clase media-alta da cidade de Bos Aires para iniciar unha viaxe cun amigo da familia, Alberto Granado (Rodrigo De La Serna), un robusto bioquímico. Os dous amigos parten a bordo da temperamental motocicleta Norton 500 de Alberto (á que lle chaman con optimismo "La Poderosa") para cumprir o soño que comparten: explorar Latinoamérica, un continente que neses intres ambos descoñecen.

Considerando os seus escasos fondos e o insuficiente do seu equipamento, a ruta que planearon resulta ambiciosa: atravesar os Andes, viaxar ó longo da costa chilena, cruzar o Deserto de Atacama e penetrar na Amazonía peruana. Sen embargo, non se amedrentan ante o seu traballoso plan.

De acordo co itinerario establecido, chegarán a Venezuela xusto para celebrar o aniversario número 30 de Alberto.

Cando finalmente chegan a Venezuela, a distancia que recorreran xa non pode ser medida en quilómetros.

A viaxe cara o corazón de Latinoamérica espertou en ambos dous ao home no que poderán transformarse; experimentaron as primeiras chamadas do que será o seu sentimento pola xustiza, o impulso de mellorar as condicións do mundo que os rodea. Un deles retornará a traballar na ciencia con renovados propósitos; o outro continuará ata converterse nun dos líderes revolucionarios máis importantes do século XX.

Baseado nos diarios de viaxe de Alberto Granado e do home que logo será «O Che», Diarios de Motocicleta narra unha viaxe de autodescubrimiento, rastreando as orixes dun corazón revolucionario!!!

ZeLTiA

MAR ADENTRO

Dende setembro podemos ver nos cines a historia do galego Ramón Sampedro.

Alejandro Amenábar é o responsable desta obra mestra cun reparto entre os que destacan Javier Bardem e Belén Rueda entre outros, aínda que tamén está Mabel Rivera, a que todos coñecedes por Balbina na serie Pratos combinados.

É unha película moi interesante e cremos que relata bastante ben o tema de Ramón Sampedro, e que aínda que xa saibamos como remata, pensamos que é digna de ver, xa que se nos mostra desde un punto de vista realista.

Ademais, esta película conta cunha banda sonora que a fai mellor, esta é levada a

cabo por Carlos Núñez.

Esta película, ademais, abriu a caixa dos tronos respecto á eutanasia e o dereito á vida. Tamén serviu para que a polémica se abrise en torno a quen foi realmente quen axudou a morrer a Ramón Sampedro.

Pensamos que contar o argumento non vén ao caso, posto que a estas alturas todo o mundo sabe de que vai e sabe quen é Ramón Sampedro.

Á película non lle faltarán risas, pero tampouco bágoas, así que non esquezaos os panos.

Marta Blanco González,
 Rosa Cabado Miguélez
 Raquel Currás García,
 Miriam Blanco Rodríguez